



Folla de sala / Galego

# CALCOLÍTICO e VASO CAMPANIFORME

9-3

A metalurxia aparece en Galicia na fase final do Megalitismo, como o demostra a presenza de obxectos de cobre e ouro, posiblemente por influxos procedentes de Portugal.

Neste período inicial da metalurxia introdúcese en Galicia un tipo determinado de cerámica, feita á man e posiblemente nalgúns casos por urdido, denominada Campaniforme, e que aparece asociada a certos útiles (pezas) como os machados planos que se poden contemplar na vitrina, os puñais de espigo, brazaletes de arqueiro, botón de óso, xoias de ouro e as características puntas “palmela”.

Denomínase Campaniforme a esta cerámica pola súa forma de campá, e está formada por vasos e cazolas que se soen encontrar en dólmens de corredor, pequenos túmulos sen cámara, cistas megalíticas, en abrigos e en hábitats ó aire libre. A decoración de cerámica Campaniforme atópase feita, fundamentalmente, coa técnica do puntillado e realizouse empregando peites, pequenas rodas e estampiñas. Tamén se utilizou a técnica de incisión e a cardial, impresións feitas con cunchas de moluscos.

Xunto á actividade económica agrícola e posiblemente gandeira, desenvólvense os intercambios comerciais, documentados pola presenza da cerámica Campaniforme e das pezas metálicas traídas de fóra da provincia.

Cos materiais metálicos séguense usando os de sílex, cristal de rocha,...etc. cos que se seguen fabricando machados de pedra, puntas de frecha, coitelos, muíños e pedras para o fío das fources.



## IDADE do BRONCE

A investigación sobre este período distingue tres etapas: Bronce Inicial, Bronce Medio e Bronce Final.

A actividade humana sobre o chan da provincia durante o Bronce Inicial e Medio só está constatada por achados casuais de machados, pero descoñecemos outros datos referentes a estes períodos culturais se exceptuámolo ritual funerario da cista do Cubillón (Cazás, Xermade), e a existencia da metalurxia como proba o molde para machados planos de Bordel (San Simón da Costa, Vilalba).

En contraste coa escasez de materiais para documentalos dous períodos anteriores, o Bronce Final está moi extendido e a él pertence o depósito de machados de talón e dobre anela de Hospital –Quiroga– depositado nos fondos do museo; os achados da zona de Vilalba, os 150 machados de A Pastoriza –en paradiro descoñecido–, A Fonsagrada... etc. Destacando especialmente o molde bivalvo de machados de talón e dobre anela de Cotá, Friol. O uso exclusivo do cobre na metalurxia do período anterior –Calcolítico– dá paso neste momento á súa mestura con estaño para obter o bronce, moito máis duro e resistente que o cobre. No tocante ás técnicas, hai que destacalo emprego dos moldes bivalvos en substitución dos moldes monovalvos. A decoración das pezas faise agora mediante incisións ou axeitando os moldes.

Xunto coa metalurxia do Bronce, acada gran importancia a plástica escultórica do gravado, que de estar reservado ata este momento para as lousas das cámaras, pasa a súa presenza ás rochas ó aire libre dando lugar ó que hoxe coñecemos como petroglifos.

Ó lado dos machados úsanse outros útiles metálicos que as novas tecnoloxías permiten desenvolver, as espadas –aparecen no Bronce Medio– e sofren una evolución tipolóxica e técnica parella á dos machados e puntas de lanza. Séguese usando a pedra para a construción de útiles e a cerámica facéndose a man.



Hoja de sala / Castellano

# CALCOLÍTICO y VASO CAMPANIFORME

9-3

La metalurgia aparece en Galicia en la fase final del Megalitismo, como lo demuestra la presencia de objetos de cobre y bronce, posiblemente por influjos procedentes de Portugal.

En este período inicial de la metalurgia se introduce en Galicia un tipo determinado de cerámica, hecha a mano y posiblemente en algunos casos por urdido, denominada Campaniforme y que aparece asociada a ciertos útiles (piezas) de oro y cobre como las hachas planas que se pueden contemplar en la vitrina, los puñales de espigo, brazaletes de arquero, botones de hueso, joyas de oro y las características puntas palmela.

Se denomina campaniforme a esta cerámica por su forma de campana y está formada por vasos y cazuelas que se suelen encontrar en dólmenes de corredor, pequeños túmulos sin cámara cistas megalíticas, en abrigos y en hábitats al aire libre.

La decoración de la cerámica campaniforme está realizada fundamentalmente con la técnica del puntillado y se emplearon para ello peines, ruedecillas y estampillas. También se han utilizado las técnicas de incisión y la cardial, impresiones hechas con conchas de moluscos.

Junto a la actividad económica agrícola y posiblemente ganadera se desarrolla el intercambio de productos, documentado por la presencia de la cerámica campaniforme de las piezas metálicas traídas de fuera de la provincia. Junto a los materiales metálicos se siguen usando los de sílex, cristal de roca... etc. con los que se siguen fabricando hachas de piedra, puntas de flecha, cuchillos, piedras para el filo de las hoces y molinos.



## EDAD del BRONCE

La investigación sobre este período distingue tres etapas: Bronce Inicial, Bronce Medio y Bronce Final.

La actividad humana sobre el suelo de la provincia durante el Bronce Inicial y Medio sólo está constatada por hallazgos casuales de hachas, pero desconocemos otros datos referentes a estos períodos culturales, si exceptuamos el ritual funerario de la Cista do Cubillón (Cazás, Xermade) y la existencia de metalurgia como prueba el molde para hachas planas de Bordel (San Simón da Costa, Villalba).

En contraste con la escasez de materiales para documentar los dos períodos anteriores, el Bronce Final está muy extendido en Lugo y a él pertenecen el depósito de hachas de talón y doble anilla de Hospital, Quiroga –depositado en los fondos del museo–; los hallazgos de la zona de Villalba, las 150 hachas de A Pastoriza –en paradero desconocido–, Fonsagrada... etc; destacando especialmente el molde bivalvo de hachas de talón de doble anilla de Cotá, Friol. El uso exclusivo del cobre en la metalurgia del período anterior –Calcolítico– da paso en este momento a su aleación con el estaño para obtener bronce, mucho más duro y resistente que el cobre. En cuanto a las técnicas hay que señalar el empleo de los moldes bivalvos en substitución de los moldes monovalvos. La decoración de las piezas se hace ahora mediante incisiones o adecuando los moldes.

Junto con la metalurgia del bronce adquiere gran importancia la plástica escultórica del grabado que, de estar reservada hasta este momento para las losas de las cámaras, pasa su presencia a las rocas al aire libre dando lugar a lo que hoy conocemos como petroglifos.

Al lado de las hachas se usan otros útiles metálicos que las nuevas tecnologías permiten desarrollar, las espadas aparecen en el Bronce Medio y sufren una evolución tipológica y técnica pareja a la de las hachas y puntas de lanza. Se sigue usando la piedra para la construcción de útiles y la cerámica sigue haciéndose a mano.